

Acta da Comisión Permanente do día 19 de febreiro de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 19/02/2025
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 19/02/2025
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida polo Subdirector de Asuntos Económicos, Infraestruturas e Relacións Internacionais, Don Francisco Javier Deive Herva, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2024.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

2. **Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai.

3. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.**

O Presidente sinala que se achegaron 6 solicitudes correspondentes ao GEE e indica que, dadas as temáticas dos traballos, se propón formar un único tribunal (Anexo III) partindo da listaxe aprobada para este curso. Engade que todo o estudantado cumpre os requisitos e que os membros do tribunal confirmaron a súa dispoñibilidade.

A Comisión aproba por asentimento a proposta de tribunais.

4. **Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuatrimestre do curso académico 2024/2025.**

O Presidente sinala que se achegaron 8 solicitudes de saídas de estudos para o segundo cuatrimestre.

N.	Materia	Titulación	Destino	Nº previsto de alumnos	Data prevista da viaxe
1.	Xestión Integral de Industrias Mineiras	Máster Enxeñaría de Minas	Mina Serrabal (Vedra – A Coruña)	9	07/03/2025
2.	Tecnoloxías de Combustibles Alternativos	Grao EE	Teixeiro (A Coruña)	30	12/03/2025
3.	Explotación Sostible de Recursos Mineiros II	Grao ERME	Rubián + A Campa (Courel - Lugo)	12	18/03/2025
4.	Materias de 2º Curso dos Graos impartidos na EEME	Grao EE + Grao ERME	Belesar (Lugo)	50	25/04/2025

5.	Xeoloxía	Grao ERME	Serra do Caurel (Lugo)	13	08/05/2025
6.	Xeración Eléctrica Renovable E Convencional	Grao EE	San Ciprián das Viñas (Ourense)	45	16/05/2025
7.	Todas as materias	Grao EE + Grao ERME + Máster Enxeñaría de Minas	Vigo-Ponferrada-Salamanca-Sevilla-Huelva-Cádiz-Cáceres-Vigo (pendente itinerario definitivo)	20	08/06/2025
8.	Enxeñaría de Minerais e Materiais	Máster Enxeñaría de Minas	Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)	2	XX/XX/2025

Salienta que na listaxe figura a viaxe de fin de estudos (de grao e máster) que se organiza de xeito conxunto e aclara que a saída 4 aínda non conta coa confirmación da empresa (Naturgy).

Apróbase por asentimento o calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2024/2025.

5. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 9 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a dezanove de febreiro de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace

O Presidente

Francisco J. Deive Herva

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 19/02/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 19 de febreiro de 2025, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar, na modalidade presencial, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2024.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG que xulgarán os traballos que se van defender nesta vindeira convocatoria.
4. Aprobación, se procede, do calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuatrimestre do curso académico 2024/2025.
5. Rogos e preguntas.

Vigo, 12 de febreiro de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-0bfa-9e3d-757e-15a7-341b-bd38-97a8-1506

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pt/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 12/02/2025 12:57 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 19/02/2025

Asistentes á Comisión Permanente do 19 de febreiro de 2025	
Presidente da Comisión	
Francisco J. Deive Herva	
Secretario da Comisión	
Guillermo García Lomba	
Subdirector/a	
María Araújo Fernández	
Profesorado	
Fernando García Bastante	
Eduardo Giráldez Pérez	
M ^a del Carmen Pérez Pérez	
Javier Taboada Castro	
Javier Vijande López	
Estudantes	
-	
PAS	
M ^a Carmen Romo Pérez	

ANEXO III

Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados
nesta vindeira convocatoria